



CONCELLO DE RIÓS (Ourense). Praza Xosé Antón nº 139.
C.P. 32610. Teléfono: 988425032- Fax: 988425145
e-mail: secretaria@concelloderios.com

BASES DE CONTRATACIÓN PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE TRABAJO: Persoal de apoio para ludoteca e PAI no Concello de Riós.

PRIMEIRO. Normas Xerais

O obxecto das presentes bases é a provisión, mediante concurso de méritos dun posto de traballo para a praza de: **Persoal de apoio para ludoteca e PAI no Concello de Riós**, en réxime laboral.

SEGUNDO. Modalidade do contrato.

Modalidade do contrato: contrato temporal a tempo parcial, artigo 26 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia.

As condicións serán as establecidas no contrato:

- A xornada de traballo será de: 27,5 horas semanais, fixando como días de descanso o sábado e domingo. O horario de traballo será de: 9:00h a 14:30H.
- Fíxase unha retribución neta de: 700,00 € [inclúe o rateo das pagas extraordinarias].

De conformidade co artigo 142 da Lei 2/5015 de emprego Público de Galicia, o persoal laboral será retribuído conforme ao previsto na súa normativa e nos convenios colectivos, procurándose mediante un convenio-marco ou outros instrumentos a igualdade de retribucións para as tarefas que supoñan unhas mesmas condicións de preparación e unhas mesmas funcións.

TERCEIRO. Condicións de Admisión de Aspirantes

Para formar parte nas probas de selección, será necesario:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, conforme ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, permita o acceso ao emprego público.

Poden acceder ao emprego público como persoal funcionario en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.



CONCELLO DE RIÓS (Ourense). Praza Xosé Antón nº 139.
C.P. 32610. Teléfono: 988425032- Fax: 988425145
e-mail: secretaria@concelloderios.com

- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Estar en posesión de calquera das titulacións habilitantes para o persoal de atención educativa. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

d) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

f) Certificado de delitos delincuentes sexuais.

CUARTO. Forma e Prazo de Presentación de Instancias

As solicitudes, requirindo tomar parte no concurso, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas bases xerais que se achegan a este expediente para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Riós, e presentaranse no Rexistro de entrada deste Concello ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16 da Lei 39/2015, no prazo de 5 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín oficial da Provincia, co establecido no artigo 205 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

As bases das probas selectivas, publicaranse no BOP de Ourense e no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do concello.

A solicitude deberá ir acompañada por:

-Fotocopia do DNI ou, no seu caso, pasaporte.



CONCELLO DE RIÓS (Ourense). Praza Xosé Antón nº 139.
C.P. 32610. Teléfono: 988425032- Fax: 988425145
e-mail: secretaria@concelloderios.com

-Curriculum vitae do aspirante, para valorar na fase de concurso.

-Documento xustificativo de estar en posesión do Celga 2, curso de iniciación ó galego ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, para os efectos da execución da proba de coñecementos de galego, para aquelas persoas que non aporten títulos habilitarase una proba que consistirá nun exame oral i escrito para acreditar o dominio desta lingua.

-Certificados correspondentes ós méritos alegados. A prestación de servizos deberase acreditar con copia cotexada dos contratos, ou certificados de empresa e no seu caso informe da persoa ou órgano competente do contido e calidade dos traballos realizados, e informe de vida laboral.

-Titulación esixida para o posto ó que se opta: **Monitor de Ocio e Tempo Libre.**

Así mesmo poderán cursarse as solicitudes polos procedementos previstos non artigo 16, da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

No caso de non presentarse por rexistro no concello, as solicitudes enviadas polos procedementos do artigo 16 la lei 39/2015 serán adiantadas por fax ao concello antes de transcorrer o prazo de presentación (5 días naturais.)

Non se valorarán aqueles méritos que non sexan alegados e acreditados polos aspirantes xunto coa solicitude e, en todo caso, antes da finalización do prazo de presentación de instancias.

Non se valorarán os méritos que non estean expresamente contemplados non baremo que figura na presente convocatoria.

QUINTO. Admisión de Aspirantes.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo de 3 días naturais, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web do concello, sinalará un prazo de 3 días hábiles para emenda, no mesmo anuncio se fará constar a designación nominal do tribunal, así como o día e a hora para a celebración da proba do galego. Transcorrido o prazo de emenda e realización da proba para acreditar o coñecemento da lingua galega, aprobarase a lista de aspirantes con carácter definitivo, publicándose o anuncio no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do concello.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de 5 días naturais dende a finalización do prazo para a súa presentación. Transcorrido o devandito prazo sen que se tivese ditado resolución ningunha, as alegacións entenderanse desestimadas.

SEXTO. Tribunal calificador.



CONCELLO DE RIÓS (Ourense). Praza Xosé Antón nº 139.
C.P. 32610. Teléfono: 988425032- Fax: 988425145
e-mail: secretaria@concelloderios.com

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

Os tribunais calificadores estarán constituídos por:

- Presidente, titular e suplente.
- Secretario o da Corporación ou membro da mesma en quen delegue.
- 4 Vogais titulares e suplentes.

As persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade co artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector público.

SÉTIMO. Sistemas de Selección e Desenvolvemento dos Procesos:
Será o concurso de méritos.

Valoraranse os méritos que sexan alegados e plenamente xustificados polos aspirantes. No suposto de non ter constancia documental de méritos ou que a mesma sexa incompleta, imposibilitando o Tribunal a súa comprobación exacta ou determinación, non se terán en conta.

Puntuarase conforme ó seguinte baremo (ata un máximo de 5,40 puntos, en caso de empate este resolverase cunha entrevista persoal.)

1.- Experiencia profesional:

- Cando os servizos se prestasen nas Administracións Públicas valorarase 0,15 puntos por mes completo traballado, ata un máximo de 1 punto.
- Cando os servizos se prestasen na empresa privada, valorarase 0,10 puntos por mes traballado, ata un máximo de 1 punto.

Para estes efectos reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial. Non se computarán servizos inferiores a un mes, considerándose os meses de trinta días.

2.- Formación:

2.1.- Formación específica:



CONCELLO DE RIÓS (Ourense). Praza Xosé Antón nº 139.
C.P. 32610. Teléfono: 988425032- Fax: 988425145
e-mail: secretaria@concelloderios.com

Diplomatura en maxisterio, especialidade en Educación Especial/PT.

Acreditarase mediante fotocopia compulsada do título ou do xustificante de ter cumpridos todos os requisitos para a expedición do mesmo. 1,70 puntos.

Valorarase a formación nas materias propias do posto.

1. Curso de máis de 50 horas: 0,20 puntos/curso. Máximo 1 punto.
2. Cursos de entre 20 e 50 horas: 0,15 puntos/cursos. Máximo 0,50 puntos.
3. Cursos de menos de 20 horas: 0,10 puntos/curso. Máximo 0,20 puntos.

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación da copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. (Exclúense das presentes valoracións os seminarios charlas e análogos).

OITAVA. - PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

A orde de clasificación definitiva de todos os aspirantes virá determinado pola suma das puntuacións totais obtidas na fase de concurso. A orde de clasificación definitiva determinará a proposta de contratación do Tribunal e a incorporación ó servizo. En ningún caso o Tribunal calificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas. Se se producise algunha vacante nas prazas ofertadas durante a vixencia dos contratos, serán chamados aqueles aspirantes que non acadaran a puntuación necesaria no momento da selección pasando a formar parte da bolsa de emprego, sempre que reunisen os requisitos da convocatoria.

NOVENA. - RECURSOS.

As presentes Bases e cantos actos se deriven desta impugnaranse cos medios e forma previstos na Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Para o non previsto nestas bases ou en aquilo que as contradigan, será de aplicación a Lei 7/1.985, do 2 de abril; o RDL 781/86, do 18 de abril; a Lei 7/2007, do 12 de abril, do



CONCELLO DE RIÓS (Ourense). Praza Xosé Antón nº 139.
C.P. 32610. Teléfono: 988425032- Fax: 988425145
e-mail: secretaria@concelloderios.com

Estatuto Básico do Empregado Público; o RD 896/91, de 7 de xuño e demais normativa vixente en materia de selección do persoal ó servizo das Entidades Locais.

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE POSTO DE TRABALLO DE: *Persoal de apoio para ludoteca e PAI.*

D/ D^a....., con DNI número....., e domicilio, para os efectos de notificación, en.....

C.P.....

Teléfono.....

Expón:

Que desexa participar no concurso convocado para a provisión do posto de traballo de: **Persoal de apoio para ludoteca e PAI**, do Concello de Riós mediante contratación en réxime laboral de contrato por obra ou servizo, modalidade de contrato de duración determinada a tempo parcial, de acordo coas bases da convocatoria aprobadas por Resolución da Alcaldía de 30 de maio de 2017.

Para tal efecto fai constar:

- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base cuarta da convocatoria.
- Que achega coa presente solicitude os méritos e documentación xustificativa para a súa estimación

Solicita:

Ser admitida/o a participar no referido concurso.

Documentación que achega:

-
-
-

O abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade que son certos tódolos datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria e praza solicitada, así como que acata integramente o contido das bases.

Riós a de de 2017.

ASDO:

ANEXO II: Modelo de declaración xurada

D./Dna....., con DNI
....., e domicilio



CONCELLO DE RIÓS (Ourense). Praza Xosé Antón nº 139.
C.P. 32610. Teléfono: 988425032- Fax: 988425145
e-mail: secretaria@concelloderios.com

en....., declaro
que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, que non
estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na
lexislación vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo
de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios
das comunidades autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial
para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou
escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso
do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de contratación de 1
Persoal de apoio para ludoteca e PAI, asino esta declaración, baixo a miña
responsabilidade, en Riós,.....de.....de 2017.

(Asinado polo/a interesado/a)

En Riós a 30 maio de 2017.

O alcalde. Asdo. Fco Armando Veiga Romero.